

Anexo da resolución relativo ao expediente

CONVOCATORIA 2019 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTER) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Expediente: IG193.2019.1.4

Titular: ANFACO

NIF: G36625309

1. Antecedentes:

Con data do 23 de outubro de 2019 a Área de Competitividade, ditou a proposta de resolución correspondente a esta convocatoria de axudas.

Na tramitación do expediente cúmplense todas as formalidades e requisitos establecidos.

2. Resolvo:

Sentido da resolución: APROBATORIA

Importe da subvención: 251.197,95 €

Modalidade da subvención: a fondo perdido

Importe subvencionable: 502.395,89 €

Puntuación acadada: 40 puntos

3. Condicións particulares:

3.1 Definición do proxecto apoiado

- a) Os conceptos subvencionables do proxecto aprobado, distribúense nos seguintes capítulos e polos importes que se sinalan a continuación:

Gastos subvencionables	Importe subvencionable €
Custos de auditoría para a conta xustificativa en 2019	2.000
Custos de auditoría para a conta xustificativa en 2020	2.000
Custos de auditoría para a conta xustificativa en 2021	2.000
Custos de persoal da entidade en 2019	96.000,70
Custos de persoal da entidade en 2020	193.147,45
Custos de persoal da entidade en 2021	158.029,74
Gastos relativos a servizos necesarios para a xestión operativa da entidade, excepto gastos financeiros e de investimento en 2019	9.600
Gastos relativos a servizos necesarios para a xestión operativa da entidade, excepto gastos financeiros e de investimento en 2020	19.315
Gastos relativos a servizos necesarios para a xestión operativa da entidade, excepto gastos financeiros e de investimento en 2021	15.803
Viaxes interurbanas e aloxamento en 2019	500
Viaxes interurbanas e aloxamento en 2020	2.000
Viaxes interurbanas e aloxamento en 2021	2.000

	Importe subvencionable €	%	Subvención €
Total:	502.395,89	50	251.197,95

¹ Para calcular a contía da axuda concedida tivéronse en conta os límites establecidos nos artigos 5 e 6 da Resolución do 29 de marzo de 2019 (DOG nº 71, do 11 de abril), pola que se publican as bases reguladoras desta axuda.

b) Baremación do proxecto:

Critério de avaliación	Puntuación Máxima	Puntuación Acadada	Xustificación
Importancia do ámbito da actividade na economía galega	10	10	A partir do requisito mínimo do 1 % establecido no artigo 4.1.d, 1 punto por cada 0,2 % adicional de facturación conxunta sobre o PIB galego ata un máximo de 10 puntos.
Fortaleza da entidade clúster	10	3	A partires do requisito mínimo do 10 % establecido no artigo 4.1.f, 1 punto por cada 5 % adicional ata un máximo de 10 puntos.
Capacidade de dinamización das empresas asociadas	10	7	Basado na expresión $(P-50\%)*20$, onde P e a porcentaxe de empresas asociadas que participasen en algunha das actividades organizadas polo clúster no ano anterior ao da solicitude da axuda ata un máximo de 10 puntos.
Capacidade de mobilización de proxectos	10	10	1 punto por proxecto no que só participe a entidade clúster e 2 puntos por cada proxecto en que tamén participen empresas asociadas ata un máximo de 10 puntos.
Posuír a etiqueta Gold de excelencia na xestión de clúster acreditada pola ESCA (European Secretariat for Cluster Analysis) en vigor ou estar inscrita no Rexistro de AEI (agrupacións empresariais innovadoras) dentro do programa de excelencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo	50	0	
Contribución da carteira de proxectos do plan estratéxico da entidade aos obxectivos estratéxicos da Axenda de Competitividade	10	10	1 punto por cada actuación que se desenvolva no eido dun obxectivo estratéxico ou dun reto da RIS3 ata un máximo de 10 puntos.
Total:		40	

3.2 Condicións de execución do proxecto:

DATA INICIO PROXECTO	DATA LÍMITE DE EXECUCIÓN	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN	CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN EN PRAZO
13 de maio de 2019	15 de outubro de 2021	15 de novembro de 2021	Perderase o dereito ao cobro da axuda

Para a execución do proxecto e a súa xustificación deberase ter en conta o disposto nos artigos 5 e 14 das bases reguladoras da axuda.

3.3 Condicións para o aboamento da subvención:

O beneficiario deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es> e presentar neste instituto a solicitude de cobramento normalizada obrigatoriamente por vía electrónica xunto coa documentación dixitalizada indicada no artigo 14.6 das bases reguladoras, excepto os documentos que de conformidade co dito artigo deben ser orixinais.

4. Consideracións legais e técnicas:

Para todo o non establecido nesta resolución, estarase ao disposto na normativa seguinte:

- Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE L 187, do 26 de xuño).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.
- Resolución do 29 de marzo de 2019 (DOG nº 71, do 11 de abril), pola que se publican as axudas do Igape para axudas ás agrupacións empresariais (clúster) innovadoras na comunidade autónoma de Galicia.

A Dirección Xeral do Igape é competente para resolver o expediente segundo o artigo 9 da Resolución do 29 de marzo de 2019 (DOG nº 71, do 11 de abril).

5. Recursos:

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día hábil seguinte ao acceso a esta resolución individual na oficina virtual do Igape, ou a partir do día en que se puxo á súa disposición no caso de non acceder ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día hábil seguinte ao acceso a esta resolución individual na oficina virtual do Igape, ou a partir do día en que se puxo á súa disposición no caso de non acceder ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Juan Manuel Cividanes Roger	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina



Anexo de documentación xustificativa:

A efectos informativos, indícaselle que para o aboamento da subvención deberá presentar a seguinte documentación xunto coa solicitude de cobramento normalizada, obrigatoriamente por vía electrónica, segundo o establecido no artigo 14 das bases reguladoras:

- Nóminas e Seguridade Social (RLC e RNT) do persoal dedicado e xustificantes bancarios
- do seu pagamento. Anualmente, cando corresponda, deberá achegar tamén o modelo
- 190 de retencións e ingresos á conta do IRPF
- Arquivo informático en formato folia de cálculo onde conste a porcentaxe de dedicación
- mensual do persoal ás actuacións subvencionables e o custo imputado
- No caso de gastos de viaxes, orixinal das facturas ou documentos de valor probatorio
- equivalente, que deben permitir identificar a persoa que viaxa (nome, apelidos e DNI) e
- copia da documentación acreditativa do seu pagamento
- Factura dos gastos do informe de auditor e copia da documentación acreditativa do
- seu pagamento.
- No caso de que o IVE sexa concepto subvencionable, deberá achegar declaración
- responsable específica sobre a aplicación do IVE ao gasto de que se trate e o modelo 390
- do último exercicio pechado
- Memoria de actividades do período con especial mención ás actividades e proxectos
- tidos en conta para a concesión da subvención
- A copia en formato dixital –que permita a súa lectura–, de material onde se aprecie
- que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público citada no artigo
- 13.g) destas bases